

Directores de zona: profesionais e competentes?

O perfil de competencia exixido pola empresa para o posto de director de zona di explicitamente que **unha das súas funcións é a xestión das persoas que compoñen o seu equipo. Esta xestión implica «garantir a motivación dos RR. HH. ao seu cargo en termos de formación, promoción e retribución»**. Co fin de que esta importante función poida levarse a cabo correctamente, no catálogo de formación da entidade establécese o tema «Xestión de equipos», que recolle catro cursos, e en todos eles se aborda a temática das boas prácticas de comunicación, o uso da empatía e a capacidade de motivar e incentivar as persoas encadradas no seu ámbito.

Na Dirección Territorial de Levante e Baleares, segundo a nosa opinión baseada na «retroacción» —que nós si aplicamos cos empregados—, prodúcese un feito insólito: das nove direccións de zona, parece que en catro delas a entidade non valorou o correcto cumprimento do perfil de competencia para a función de Dirección de zona. Poida que estes directivos non levasen a cabo a formación necesaria para o posto ou talvez «non aprobaron» os cursos. Tampouco parece que entendan ben o concepto de «respecto» polas cuestións de xénero, de dereitos laborais e, mesmo, da mínima consideración exixible en calquera relación entre persoas. Sexa cal for o motivo desta

«disfunción», o que está claro é que nesta territorial pasa algo.

Como se chega a director de zona sen ser primeiro director de oficina? Carencia que, sen dúbida, mingua a capacidade de empatía e de apoio ao persoal do seu equipo, tal como exixe o perfil de competencia deste posto.

Por que ocupan estes postos persoas afastadas do respecto aos temas de xénero ou, en todo caso, apegadas á cultura de xénero masculino, o que en linguaxe popular se denomina *machistas*?

Por que en Alacante é habitual cambiar de función, oficina e mesmo de praza a mulleres que volven dunha baixa e/ou excedencia materna? Práctica contraria aos Acordos asinados na entidade, ao consenso social e que supón un comportamento discriminatorio, abusivo e denunciante.

Por que o responsable da Dirección Zona Sueste de Alacante non recorre á retroacción coas persoas ao seu cargo, como recomenda a formación necesaria para a súa función? Pedímoslle encarecidamente que proceda. Sería bo con vistas á súa «futura promoción a máis altos estamentos».

Por que convocan todos os luns do ano ás 4 da tarde mediante correos intimidatorios?

Por que desde as distintas zonas se boicotea o Acordo de Vacacións, impedíndonos exercer o dereito a escoller libremente os nosos días de descanso?

Por que o factor común nestes directores de zona é a utilización do medo e o acoso como ferramenta incentivadora? Esta

«habilidade» non aparece como competencia do posto. Pero o que é máis preocupante, por que se promove a estas persoas de actitudes e aptitudes rexeitables?

ESTAMOS CANSOS DESTES «PERSONAXES», EXIXIMOS RESPECTO E APOIO.
A FUNCIÓN DE DIRECTOR DE ZONA DEBEN OCUPALA PROFESIONAIS COMPETENTES
QUE INCENTIVEN E NON QUE NOS CASTIGUEN.

Valencia, maio de 2011

Conéctate á nosa web: **People > Seccións Sindicais > COMFIA-CCOO > [http:// www.comfia.net/bs/](http://www.comfia.net/bs/)**

Boletín de afiliación

Enviar a ➔ 3532-0002

Data.....

Nome e apelidos

DNI correo electrónico

Dirección

Poboación

Código postal

Domiciliación bancaria:

Entidade _____ Oficina _____ DC _____ Conta _____

Sinatura:

PROTECCIÓN DE DATOS:

Os teus datos serán incorporados a un ficheiro titularidade de CC OO integrado polos ficheiros pertencentes á confederación ou unión rexional correspondente, segundo o lugar onde radique o teu centro de traballo, á federación do sector ao que pertenza a empresa na que traballes, así como —en todo caso— á CSCCOO. No seguinte URL podes consultar os diferentes entes que compoñen CC OO: <http://www.ccoo.es/sindicato/sindicato.html>. A finalidade do tratamento dos teus datos por parte de todos eles é o mantemento da túa relación como afiliado/a, coas concretas finalidades establecidas nos estatutos. Ademais do indicado, os teus datos poden ser empregados por CC OO para che remitir información sobre as actividades e acordos de colaboración que se establezan con outras entidades. Sempre estarás informado na web de CSCCOO (<http://www.ccoo.es>) dos ditos acordos e dos datos desas entidades. Podes exercer os teus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, se for o caso, oposición, enviando unha solicitude por escrito acompañada da fotocopia do teu DNI dirixida a CSCCOO con domicilio sito na R/ Fernández de la Hoz n.º 12, 28010, Madrid. Deberá indicar sempre a referencia «PROTECCION DE DATOS». Se tes algunha dúbida ao respecto podes remitir un correo electrónico a lodp@ccoo.es ou chamar por teléfono ao 917028077.